



CLASES DE ORACIÓNS

Clasifica as oracións en simples (S) ou compostas (C):

- | | |
|----------------------------------|--------------------------------------|
| • Mariña foi moi puntual. | • O avó di que o xamón está salgado. |
| • Non sei onde deixei as lentes. | • Hoxe recollemos un can da rúa. |
| • O libro que perdiches é novo? | • Pasa un autobús cada dez minutos. |

Di de que clase é cada unha das oracións seguintes.

- Xa fixeches a maleta? ►
- Que sorte que ten! ►
- Vai pola dereita, home! ►
- Quizais veña mañá. ►
- Oxalá gañase! ►
- Iria ten un gato e un can. ►

Observa o exemplo e converte as oracións pasivas seguintes en activas.

- O porteiro foi expulsado polo árbitro. ► *O árbitro expulsou o porteiro.*
- O cadro foi roubado por un ladróns.

- Estes terreos foron comprados por un empresario.

As oracións que serven para expresar desexo son as:

- a. enunciativas. b. exhortativas. c. optativas.

As oracións clasifícanse en simples e compostas segundo:

- a. a intención do falante.
b. o número de verbos.
c. o suxeito.

As oracións en que o suxeito realiza a acción verbal chámanse:

- a. pasivas. b. subxectivas. c. activas.

O suxeito que recibe a acción do verbo é:

- a. o suxeito paciente.
b. o suxeito axente.
c. o suxeito recibidor.